



Facultade de
Ciencias da Educación
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

DOCUMENTO MARCO PARA A ELABORACIÓN DO TRABALLO FIN DE GRAO

GRAO EN EDUCACIÓN PRIMARIA

ÍNDICE	Páxina
1. Presentación: o marco normativo e curricular	2
2. Natureza e características do TFG	3
3. Obxectivos do TFG	3
4. Funcións das comisións de titulación	3
5. Requisitos para a matrícula e a defensa do TFG	4
6. Procedemento de elección do tema	4
7. Dirección académica do TFG	5
8. Tipos de TFG	6
9. Responsabilidade do estudiantado	6
10. Tribunais do TFG.....	7
11. Procedemento de entrega da documentación e do TFG	7
12. Defensa do TFG	8
13. Procedemento de avaliación.....	8
14. Consulta e publicación do TFG	11
 ANEXOS	
I. Autorización para a elección de temática do TFG.....	12
II. Estrutura orientativa do TFG	13
III. Formato do TFG	15
IV. Portada do TFG	16
V. Preinscrición e solicitude de defensa do TFG	17
VI. Informe de avaliación positiva da dirección académica do TFG.....	18
VII. Impreso de presentación da documentación para a defensa do TFG.....	20
VIII. Resumo do TFG dirixido ao tribunal de avaliación.....	21
IX. Declaración xurada.....	22
X. Informe de avaliación do Tribunal.....	23
XI. Cualificacións provisionais do tribunal.....	25
XII. Cualificacións finais do tribunal	26
XIII. Impreso de solicitude de continuidade do TFG coa mesma liña temática e dirección académica.....	27

1. PRESENTACIÓN: O MARCO NORMATIVO E CURRICULAR

Este documento marco responde a dous obxectivos fundamentais que afectan ao TFG en termos de xestión, deseño e desenvolvemento:

- 1) Establecer as bases e normas sobre a definición, adxudicación, presentación, cualificación e tramitación administrativa dos traballos de fin de grao (TFG) que se realizaren no título de grao correspondente da Facultade de Ciencias da Educación, de acordo coas *Directrices para a elaboración dos regulamentos relativos ao traballo de fin de grao nos graos da UDC*, aprobado polo Consello de Goberno con data do 22 de xullo de 2011.
- 2) Recoller e desenvolver as orientacións académicas e curriculares básicas necesarias para guiar o traballo de alumnado, direccións e tribunais de acordo co establecido pola correspondente comisión de titulación.

Sen prexuízo das posibles particularidades que o título de grao establecer para o TFG, a planificación e avaliación da dita materia responde ao establecido no seguinte marco:

a) Marco normativo xeral

- Real decreto 13/93/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanza universitarias oficiais (BOE n.º 260, do 30 de outubro de 2007). Modificado polo Real decreto 861/2010, de 2 de xullo (BOE n.º 161, do 3 de xullo de 2010).
- Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario (BOE n.º 318, do 31 de decembro de 2010).
- Directrices para a elaboración de títulos de grao na UDC, aprobadas polo Consello de Goberno na súa sesión do 3 de abril de 2008.
- Orde ECI/3854/2007, do 27 de decembro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de mestre en Educación Infantil (BOE n.º 312, do 29 de decembro).
- Orde ECI/3857/2007, do 27 de decembro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de mestre en Educación Primaria (BOE n.º 312, do 29 de decembro).
- Orde CIN/726/2009, do 18 de marzo, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de logopeda (BOE n.º 73, do 26 de marzo).

b) Marco normativo específico

- Directrices para a elaboración dos regulamentos relativos ao traballo de fin de grao nos graos da UDC, aprobado polo Consello de Goberno con data do 22 de xullo de 2011.
- Regulamento para a elaboración do traballo de fin de grao na Facultade de Ciencias da Educación, aprobado pola Xunta de Facultade na súa sesión do 25 de novembro de 2011, co informe favorable outorgado pola Comisión de Plans de Estudo da UDC na súa reunión do 22 de xuño de 2012.

- Normativa reguladora da matrícula e a defensa do traballo fin de grao (TFG) e do traballo fin de mestrado universitario (TFM) (CG 19/12/2013, modificado polo CG 30/04/2014, CG 24/07/2014, CG 29/01/2015 e CG 28/06/2016) .
- O marco curricular en que se sustenta este documento, é que á súa vez contribúe a completar o seu contido, é a guía docente do TFG da titulación de grao correspondente.

2. NATUREZA E CARACTERÍSTICAS DO TFG¹

O TFG supón a realización de forma individual, por parte de cada estudante, dun proxecto, unha memoria ou un estudo concreto baixo a supervisión dun ou dous membros do profesorado que exercerán como directores/as. Neste traballo deben integrarse e desenvolverse os contidos formativos recibidos, así como as capacidades, competencias e habilidades adquiridas durante o período de docencia do grao.

O/a estudante debe poder realizalo no número de horas equivalentes aos créditos ECTS asignados a este traballo no plan de estudos, e coa duración que alí se establece:

- Grao en Educación Infantil: 6 ECTS
- Grao en Educación Primaria: 6 ECTS
- Grao en Educación Social: 6 ECTS
- Grao en Logopedia: 10 ECTS

Por tanto, o TFG estará concibido para que o tempo total de dedicación do/a alumno/a sexa de 150 horas nas titulacións de Grao en Educación Infantil, Grao en Educación Primaria e Grao en Educación Social, e de 250 horas na titulación de Grao en Logopedia.

3. OBXECTIVOS DO TFG

Son obxectivos xerais do TFG:

- Integrar as competencias do título de grao.
- Demostrar a capacidade de busca, xestión, organización e interpretación de información relevante.
- Desenvolver un pensamento e xuízo crítico, lóxico e creativo sobre temas destacados de índole social, científica, tecnolóxica e/ou ética.
- Demostrar habilidades de comunicación oral e escrita.

Os obxectivos específicos do TFG estarán suxeitos ao tema escollido para o traballo.

4. FUNCIÓNS DAS COMISIÓNS DE TITULACIÓN

Son funcións de cada comisión de titulación:

- Xestionar todo o proceso relativo aos TFG e asegurar a aplicación do regulamento correspondente².
- Velar por que os temas de que for obxecto o TFG, tanto no seu nivel como na súa extensión e os seus obxectivos, posibiliten que o/a estudante o realice no número

¹ Punto 2 do Regulamento para a elaboración do traballo de fin de grao na Facultade de Ciencias da Educación, aprobado pola Xunta de Facultade o 25 de novembro de 2011.

² *Ibidem*, punto 1.

de horas equivalentes aos créditos ECTS asignados a este traballo no plan de estudos, e coa duración que alí se establece³.

- c) Aprobar e facer pública a listaxe cos temas para os TFG, así como co número de estudantes que poden escoller cada tema e os criterios de asignación.
- d) Establecer a forma en que se configurarán os tribunais de avaliación, segundo o número de alumnos matriculados e as liñas temáticas dos TFG⁴.
- e) Decidir que traballos serán publicados no Repositorio Institucional da UDC (RUC)⁵.
- f) Elaborar, ou no seu caso modificar, o plan do TFG da titulación correspondente, así como o sistema de avaliación.
- g) Resolver as cuestións que xurdiren durante o proceso de realización e avaliación dos TFG.

5. REQUISITOS PARA A MATRÍCULA E A DEFENSA DO TFG⁶

- 1) Para formalizar a matrícula do TFG, o alumnado poderá ter pendentes como máximo 78 créditos para completar os estudos, incluídos os correspondentes ao TFG, e deberá matricularse tamén de todas as materias necesarias para rematar o plan de estudos do Grao. .
- 2) Para ser avaliado do TFG é necesario ter superadas cunha avaliación positiva todas as materias que conforman o plan de estudos, así como contar co informe favorable da dirección académica do traballo que autorizar a súa defensa.

6. PROCEDIMENTO DE ELECCIÓN DO TEMA⁷

Os departamentos que recibiren a encarga dos TFG por parte do centro teñen ata o 30 de setembro como data límite para presentaren a proposta dos temas ou liñas destes traballos, así como tamén a proposta de dirección, ao Decanato da Facultade.

As comisións de titulación teñen como data límite ata o 30 de outubro para aprobaren e faceren pública unha listaxe cos temas sobre os que versarán os TFG, así como co número de estudantes que poden escoller cada tema e os criterios de asignación.

Prazos de solicitude de temas:

- a) Antes do 30 de novembro para o alumnado que se matricular no período ordinario de matrícula.
- b) Antes do 30 de marzo para o alumnado que se matricular no período de ampliación da matrícula.
- c) Antes do 15 de outubro para o alumnado que só tiver pendente o TFG e quixer examinarse nas oportunidades de xaneiro.

Xunto coa publicación dos temas e as prazas ofertadas daranse a coñecer o día, o lugar e a hora en que se convocar o alumnado matriculado no TFG para a elección de tema. O

³ *Ibidem*, punto 2.

⁴ *Ibidem*, punto 5.

⁵ *Ibidem*, punto 9.

⁶ *Ibidem*, exposición de motivos.

⁷ *Ibidem*, puntos 3 e 4.

acto de elección será público para todo o alumnado que se convocar, o cal será chamado a elixir unha liña temática segundo o seu expediente académico. O proceso rematará cando todo o alumnado presente teña un tema asignado.

O alumnado que por motivos xustificadas non poida acudir a dita reunión, debe autorizar a un compañeiro ou compañeira matriculado/a na materia para que elixa a temática no seu nome. Para iso, a persoa autorizada debe acudir á reunión co formulario cuberto que se recolle no anexo I.

Ao alumnado matriculado na materia que non acuda ao acto de escolla de tema nin emita a autorización esixida, seranlles asignados os que quedaren libres como resultado do proceso anterior, por medio dun sorteo público que se desenvolverá nese mesmo acto.

O alumnado que teña director/a e título asignado en convocatorias anteriores poderá seguir coa mesma temática, sempre e cando conte co visto e praxe do/a director/a implicado/a. A solicitude de continuidade deberá presentarse en tempo e forma segundo se estableza a través do anexo XIII.

Unha vez rematado o proceso de elección de liñas temáticas, e logo da súa aprobación, as comisións de titulación publicarán a listaxe provisoria da asignación de temas e direccións académicas ao alumnado.

Tras esta publicación, establecerase un prazo para que o alumnado que o considerar oportuno poida reclamar, co obxecto do cal deberá presentar na Secretaría da Facultade o modelo de formulario establecido. O dito modelo pode descargarse no seguinte enderezo web: [link](#).

Valoradas as reclamacións pola comisión da titulación correspondente, publicarase a listaxe nos prazos anteriormente mencionados.

Os datos da dirección académica e título/temática do TFG poden consultarse desde a Secretaría Virtual, tanto por parte do estudiantado como da propia dirección académica.

7. DIRECCIÓN ACADÉMICA DO TFG

O TFG poderá ser dirixido por unha ou dúas persoas. Nese último caso, unha delas deberá ser un membro do profesorado dos departamentos que teñen asignada esta materia.

Son funcións da dirección académica do TFG as seguintes:

- a) Expoñer as características do traballo ao alumnado, e orientalo e asesoralo no seu desenvolvemento.
- b) Realizar un seguimento da elaboración do TFG, segundo o establecido na guía docente que corresponder, e velar polo cumprimento dos obxectivos fixados.
- c) Avaliar e, se proceder, autorizar a presentación e defensa do TFG, a través da súa secretaria virtual.
- d) Remitir, se proceder, en tempo e forma e segundo se indique no calendario a estes efectos, o Informe de avaliación positiva .

8. TIPOS DE TFG

Tomando como referencia o establecido nas guías docentes do TFG, considéranse as seguintes modalidades de traballos:

- a) **Estudos empíricos** relacionados con calquera das liñas temáticas propias da titulación de grao e enmarcados no ámbito das competencias desta.
- b) **Revisión e investigación bibliográfica** centrada nalgún dos diferentes campos da titulación de grao.
- c) **Análise de protocolos de actuación, unidades didácticas, proxectos socioeducativos ou calquera outro documento institucional**, vinculadas a algún dos diferentes campos da titulación de grao.
- d) **Deseño de unidades didácticas, proxectos educativos e socioeducativos de diversa índole**, relacionados coa titulación de grao.
- e) **Estudos empíricos relacionados coa experiencia en prácticas externas curriculares e/ou extracurriculares** noutras institucións relacionadas coa titulación de grao, no marco das competencias desta.
- f) **Exposición e presentación de patentes de investigación ou modelos de utilidade, rexistrados ou non, deseñados polo alumnado** e con relación cos contidos da titulación de grao.

No anexo II propóñense de **modo orientativo** unha serie de fases que se entende que poden ser comúns a todos os traballos establecidos, sen prexuízo de poderen ser modificadas a criterio da dirección do TFG.

As cuestións formais do TFG quedan contempladas nos anexos III e IV.

9. RESPONSABILIDADE DO ESTUDANTADO

Toda a información relacionada co TFG publicarase na plataforma Moodle, así como na web da Facultade. Será responsabilidade do estudantado que se matricular nesta materia informarse debidamente da normativa sobre o TFG, as datas das reunións informativas, a tramitación xeral do seu TFG e calquera outra cuestión que se publicar nos espazos establecidos para tal efecto.

É tamén responsabilidade do estudante introducir o título do seu TFG na súa Secretaría Virtual nos tres idiomas que se solicitan (galego, castelán e inglés). Realizar esta tarefa é imprescindible para que a dirección académica poida emitir a *autorización de defensa do TFG*, momento a partir do cal o título do TFG non pode ser modificado.

Son deberes do estudantado os seguintes:

- a) Poñerse en contacto coa súa dirección académica nun prazo máximo de dez días naturais, unha vez publicada a listaxe definitiva de asignación de temas e direccións académicas.
- b) Asistir ás titorías que establecer a dirección académica do TFG en tempo e forma.
- c) Realizar as tarefas encomendadas pola dirección académica para o desenvolvemento do TFG.
- d) Solicitar á dirección académica do TFG a autorización necesaria para presentar e defender o seu traballo.

10. TRIBUNAIS DO TFG

Logo da solicitude do Decanato da Facultade, os departamentos implicados remitirán a relación do profesorado que formará parte dos tribunais de avaliación dos TFG. Os ditos

tribunais de avaliación configuraranse da forma que establecer a comisión de titulación correspondente, segundo o número de alumnos matriculados e as liñas temáticas dos diferentes TFG que se presentaren⁸.

Cada tribunal estará formado por tres membros (presidente/a, secretario/a e vogal) e dous suplentes.

As comisións de titulación establecen os seguintes criterios para a constitución de tribunais:

- 1) A dirección académica do TFG non poderá formar parte do tribunal.
- 2) Constituiranse tantos tribunais como foren necesarios en función do número de traballos para avaliar en cada convocatoria.
- 3) Os membros de cada tribunal reflectirán, de poder ser, a diversidade de ámbitos de coñecemento en relación coa temática do traballo para avaliar.
- 4) Os membros dos tribunais seleccionaranse entre o profesorado da correspondente titulación que pertencer aos departamentos que tiveren asignada esta materia.
- 5) Estableceranse sistemas de rotación do profesorado na composición dos tribunais procurando a alternancia de convocatorias, así como entre titulares e suplentes.
- 6) De poder ser, todos os tribunais contarán co mesmo número de TFG para avaliar e, segundo a *Normativa pola que se regula a dedicación académica do persoal docente e investigador aprobada no Consello de Goberno do 28 de novembro de 2014*, computarase unha comisión/tribunal para cada 10 TFGs.

Unha vez constituídos os tribunais de avaliación dos TFG, estes, de acordo co centro, establecerán a orde de exposición dos estudantes no caso de seren varios, así como o día, a hora e o lugar de realización das defensas dos TFG.

O estudantado poderá consultar a convocatoria do tribunal desde Moodle.

11. PROCEDEMENTO DE ENTREGA DA DOCUMENTACIÓN E DO TFG⁹

O procedemento de entrega de documentación desenvolverase en dúas fases.

- 1) Primeira fase ou preinscrición: nas datas establecidas, o alumnado presentará na Secretaría da Facultade a preinscrición para a defensa do TFG segundo o modelo de impreso do centro (anexo V).
- 2) Segunda fase ou entrega de documentación: nas datas establecidas, o alumnado presentará na Secretaría da Facultade a seguinte documentación:
 - a) O impreso de inscrición (anexo VII).
 - b) Copia do resgardo de solicitude de defensa obtido a través de Secretaría Virtual.
 - c) Tres copias do resumo do TFG co formato que se indica no anexo VIII.

Así mesmo, deberá facer entrega a través da plataforma Moodle e na súa Secretaría Virtual dun exemplar dixital en formato PDF do seu traballo.

⁸ *Ibidem*, punto 5.

⁹ *Ibidem*, punto 6.

Rematado o prazo de entrega de documentación para a defensa do TFG, porase a disposición do/a secretario/a de cada tribunal a documentación que proceder, nesta documentación incluírase o informe de avaliación emitido pola dirección académica de cada TFG a avaliar.

O/a secretario/a de cada tribunal será responsable de facer chegar o resumo de cada TFG ao resto dos titulares do seu tribunal, así como de custodiar o resto da documentación recibida ata a revisión das cualificacións emitidas tras a defensa dos TFGs. Pasado este prazo, remitirá a documentación relativa a cada estudante ao Decanato para a súa arquivación.

12. DEFENSA DO TFG

A composición dos tribunais de avaliación dos TFG, así como as datas e os horarios en que terán lugar as defensas, publicaranse na plataforma Moodle.

- 1) Cada alumno/a presentárase á hora indicada e agardará a ser chamado/a polo/a secretario/a do tribunal. Debe levar consigo a seguinte documentación:
 - a) DNI ou pasaporte.
 - b) Declaración xurada en que constar a superación cunha avaliación positiva de todas as materias que conforman o plan de estudos correspondente (Anexo IX).
 - c) Copia impresa do expediente académico extraído da Secretaría Virtual.
 - d) Copia impresa do seu TFG.
- 2) O/a secretario/a do tribunal comprobará que o/a alumno/a superou cunha avaliación positiva todas as materias que conforman o plan de estudos.
- 3) O/a alumno/a disporá dun tempo máximo de 15 minutos para expoñer, cando menos os seguintes puntos: fundamentación, obxectivos, método, resultados (opcional) e conclusións do seu traballo.
- 4) Poderá utilizar canto material for preciso para a exposición.
- 5) O tribunal disporá doutros 15 minutos para realizar as preguntas, pedir as aclaracións e/ou formular as suxestións que considere oportunas, así como para debater co/a alumno/a.

13. PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN¹⁰

- 1) A cualificación.

A cualificación final outorgárase de acordo coa escala numérica establecida no Real decreto 1125/20037, de 0 a 10, con expresión dun decimal, a que terá que engadírselle a correspondente cualificación cualitativa segundo o estableceren os formularios de avaliación deseñados:

- a) 0-4,9 suspenso
- b) 5,0-6,9 aprobado
- c) 7,0-8,9 notable
- d) 9,0-10 sobresaliente

¹⁰ *Ibidem*, punto 7.

Para obter Matrícula de honra será necesario contar con esta cualificación tanto por parte da dirección como por parte do tribunal.

De acordo co Art. 21 das *normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudantes de Grao e Mestrado*, “a mención de *Matrícula de Honra* poderá ser concedida a alumnos que obtivesen unha cualificación igual ou superior a 9,5”.

2) Responsables da avaliación:

- a) Dirección académica, que avaliará a adquisición de competencias reflectidas no traballo realizado (contido e formato), cun peso do 70% na cualificación final.
- b) Tribunal, que avaliará a adquisición de competencias relacionadas coa exposición e defensa pública, cun peso do 30% na cualificación final.

3) Criterios de avaliación¹¹:

- a) Dirección académica. Os criterios de avaliación do TFG presentado á dirección académica son:

1. Cuestións formais:

- Adecuación ao formato esixido
- Organización da información segundo os apartados establecidos e o tipo de traballo
- Claridade na exposición do contido e uso da terminoloxía apropiada
- Incorporación das referencias bibliográficas oportunas

2. Fundamentación teórica:

- Xustificación e contextualización teórica de acordo co tema do estudo
- Elección das fontes axeitadas

3. Proposta/proxecto/estudo:

- Elaboración do estudo: profundidade e adecuación dos contidos de cada parte, coherencia interna (obxectivos ou preguntas de investigación, metodoloxía, proposta de actividades, avaliación, pertinencia dos anexos)
- Viabilidade, pertinencia e/ou carácter innovador

4. Resultados/conclusións:

- Relación dos resultados ou conclusións cos obxectivos formulados
- Grao de comprensión dos coñecementos dunha área de estudo concreta vinculada ao título de grao

No anexo VI recóllese o modelo de informe de avaliación da dirección académica do TFG.

- b) Tribunal. Os criterios de avaliación relacionadas coa exposición e defensa son:

- Grao de elaboración, fundamentación, claridade e solidez do discurso, facendo un uso adecuado e rigoroso da linguaxe.
- Capacidade de síntese e de distribución do tempo de exposición, facendo

¹¹ Derivados das competencias establecidas para esta materia na titulación.

fincapé nos aspectos clave para entender o interese do traballo.

- Resolución, concreción e exactitude das respostas ás preguntas e aos comentarios formulados polo tribunal.

Unha vez finalizada a defensa o tribunal emitirá un informe coa nota final do TFG. (anexo X).

4) Observacións relativas á avaliación:

- Para aprobar a materia de TFG e necesario superar os dous elementos da avaliación: traballo tutelado e defensa oral.
- Enténdese que a parte do traballo tutelado está superada, e este pode ser defendido ante un tribunal, cando se conta coa *autorización de defensa* e cun *informe favorable* sobre o traballo que debe incluír unha cualificación numérica mínima de **3,5** (nunha escala do 0 ao 7), emitidos ambos pola dirección académica.
- A superación da parte da defensa implica que o tribunal emita unha cualificación numérica mínima de **1,5** (nunha escala do 0 ao 3).
- A cualificación final do Traballo de Fin Grao será a emitida polo tribunal, segundo se establece nos anexos XI e XII.
- No caso de non contar coa *autorización de defensa* e/ou co *informe favorable* emitidos pola dirección académica do traballo, a cualificación recibida será NON PRESENTADO.
- No caso de non realizar a defensa ante o tribunal, a pesar de ter o informe favorable e/ou a súa autorización, a cualificación recibida será NON PRESENTADO.
- No caso de non superar a defensa oral, a cualificación final recibida será a obtida nesta parte da avaliación, pero nunha escala do 0-10.
- Dentro dunha mesma convocatoria, o alumnado que reciba unha cualificación de NON PRESENTADO ou de SUSPENSO, contando coa *autorización de defensa* e co *informe favorable* da súa dirección académica só terá que repetir a parte da avaliación correspondente á defensa oral do TFG.
- O alumnado que non supere a materia en ningunha das oportunidades de avaliación dunha mesma convocatoria, terá que matricularse de novo na mesma. Neste caso:
 - a. Se a cualificación recibida na convocatoria anterior foi de SUSPENSO, deberá comezar o proceso de elección de liñas temáticas nas mesmas condicións que o alumnado que se matricula por primeira vez.

- b. Se a cualificación recibida na convocatoria anterior foi de NON PRESENTADO, poderá manter o mesmo tema e a mesma dirección académica do último curso en que se matriculase da materia, sempre e cando conte co consentimento explícito da propia dirección académica (anexo XIII).

14. CONSULTA E PUBLICACIÓN DO TFG

A comisión correspondente seleccionará os traballos que serán publicados no Repositorio Institucional da UDC (RUC).

En caso de os/as autores/as do TFG non autorizaren o depósito e a publicación deste no RUC, deberán facerllo saber previamente á comisión, que resolverá en cada caso.

Anexo I. Autorización para a elección de temática de TFG

D./Dna. _____, con
DNI _____, alumno/a do Grao en _____
da Facultade de Ciencias da Educación e matriculado/a na materia TFG no curso ____-
____, non podendo acudir á convocatoria de asignación de temáticas de TFG por (indicar
motivo que impide a asistencia) _____

AUTORIZA A:

D.Dna. _____, con DNI
_____, alumno/a do Grao en _____ da
Facultade de Ciencias da Educación e matriculado/a na materia TFG no curso académico
actual, a que elixa a temática do TFG no seu nome, comprometéndose a asumir a
temática que resulte deste proceso.

Para que así conste aos efectos oportunos asinan

en _____ a día ____ de _____ de _____.

Sinatura e nome da persoa que autoriza

Sinatura e nome da persoa autorizada

Anexo II. Estrutura orientativa do TFG

Estes apartados propóñense **como guía** para ordenar e estruturar o contido do TFG.

<p>Introdución</p>	<p>Trátase de explicar o que se quere saber co TFG e por que se considera importante facelo. Esta parte pode incluír os antecedentes que orixinaron a inqueda polo tema que se quere estudar, as razóns que motivaron a elección dese problema, así como a xustificación da dita elección. É dicir, debe explicarse a relevancia ou o interese que pode ter traballar a citada cuestión.</p>
<p>Xustificación teórica e contextualización</p>	<p>A contextualización do traballo serve para explicitar o estado da cuestión. É o resultado dunha recollida previa de información para elaborar o marco teórico do estudo, así como para a posterior formulación de obxectivos e preguntas de investigación. Basicamente pode recorrerse a tres procedementos para obter a información desexada: a) revisión da literatura sobre o tema (teorías, investigacións realizadas etc.); b) indagacións exploratorias a través de evidencias empíricas; e c) sistematización de experiencias sobre o desempeño profesional (ben a través do exercicio profesional, ben a través das prácticas do grao etc.).</p> <p>Co marco teórico trátase de expoñer a forma en que se teorizan as cuestións que se abordan no TFG. Indicaranse as opcións teóricas elixidas para o traballo, que deben constituírse como marco de referencia para a formulación dos propósitos do traballo e para a interpretación posterior da análise e discusión.</p>
<p>Obxectivos e/ou preguntas de investigación</p>	<p>Os obxectivos especifican os propósitos do traballo en función dos coñecementos previos. Enúncianse cun verbo en infinitivo, que denota estudo ou busca de coñecementos: describir, explorar, examinar, investigar, entender, comparar, avaliar, explicar, propoñer etc.</p> <p>As preguntas de investigación refírense a: «que é o que me interesa contestar?», «onde está o centro das preocupacións da temática?». Supoñen un a priori que formulamos en función do coñecemento e a experiencia que ata o momento se adquiriu acerca do fenómeno que vai estudarse.</p>
<p>Metodoloxía de traballo e actividades propostas</p>	<p>Neste apartado dáse conta de que estratexias e procedementos se seguiron para recoller as evidencias do traballo.</p>
<p>Avaliación, resultados e/ou conclusións</p>	<p>Cómpre identificar e sintetizar as principais conclusións que se alcanzan no traballo, así como vincular a proposta nel realizada coas aproximacións e enfoques teóricos e metodolóxicos existentes, e argumentar as respostas que se lles dan ás preguntas e propósitos formulados no traballo a partir da información e/ou datos de que se dispón.</p>

Valoración da aplicación (se proceder) ou da idoneidade	O obxectivo é analizar e avaliar criticamente as implicacións e consecuencias da evidencia que proporciona o traballo. Pódese partir do estado da cuestión e o marco teórico, mais debe ser un apartado de elaboración persoal e creativa onde se delibere e expoña de forma razoada a avaliación que se fai dos resultados do traballo.
Relación de fontes documentais	Na bibliografía só se recollerán as referencias que foron citadas ao longo do TFG. Para a organización da bibliografía poden consultarse as seguintes ligazóns: Ligazón 1 Ligazón 2
Anexos	Nos anexos incluírase aquela documentación que sirva para fundamentar e ampliar o contido do TFG. Os anexos deben ir recollidos no índice, e por tanto, paxinados.

Anexo III. Formato do TFG

O TFG organizarase segundo as seguintes directrices:

- 1) Portada (anexo III).
- 2) Resumo e palabras chave: o TFG contará cun resumo de entre 100 e 200 palabras no idioma en que se desenvolveu o traballo, que irá acompañado das palabras chave (entre 3 e 5) que reflectan as liñas temáticas centrais que se abordasen.
- 3) O TFG debe ter un índice paxinado en que se reflectan os apartados, segundo proceder, que se recollen no punto seguinte, así como os subapartados que o/a alumno/a considerar necesarios para orientar a lectura. Se é oportuno tamén se pode incluír un índice de táboas, gráficos etc.
- 4) Apartados do TFG (anexo I).
- 5) Formato:
 - Extensión: máximo 25 folios polas dúas caras (é dicir, 50 páxinas), máis os anexos
 - Letra: Times New Roman 12
 - Interliñado de 1,5 liñas e aliñamento xustificado
 - Marxes superior e inferior de 2,5 cm
 - Marxes laterais de 2,5 cm
- 6) Formato da copia dixital para a súa publicación no RUC, se proceder:
 - O ficheiro PDF deber ter un nome que se corresponda co título do TFG.
 - Non se debe poñer espazos entre as palabras que formen o nome do arquivo (utilizarse o guión baixo para separalas), nin usar palabras con acentos, maiúsculas ou caracteres como o <ñ> ou semellantes. Doutra parte, é importante que figure a data do TFG no nome do ficheiro. Por exemplo, para un TFG que se titulase «Educación Infantil e TIC» o nome do ficheiro podería ser <educacion_e_tic_2013.pdf>.
 - Cómpre que o PDF inclúa os datos da portada do TFG (anexo III).
 - Non deben engadírselle elementos de seguridade ao PDF, como por exemplo proteccións anticopia ou contrasinais. Dificulta o tratamento do documento.

Anexo IV. Portada do TFG *

**eliminar este texto no traballo final*

TRABALLO DE FIN DE GRAO

TÍTULO (no idioma oficial utilizado no TFG)

TÍTULO (no outro idioma oficial)

TÍTULO (en inglés)

Nome e apelidos do autor/a

Dir./Dir.^a (nome e apelidos)

Grao en (nome da titulación)

Ano

Anexo V. Preinscrición para a defensa do TFG (*)

(*) Esta preinscrición non garante a posterior avaliación positiva da dirección académica, requisito indispensable para a defensa do TFG.

**TRABALLO DE FIN DE GRAO
PREINSCRICIÓN E SOLICITUDE DE DEFENSA PÚBLICA
PARA CUBRIR O/A ESTUDANTE**

Apelidos e nome:

DNI: Teléfono:

Enderezo electrónico:

TÍTULO DO TFG (galego)

.....

TÍTULO DO TFG (castelán)

.....

TÍTULO DO TFG (inglés)

.....

Apelidos e nome do/a director/a:

.....

TITULACIÓN: Grao en

CURSO ACADÉMICO:

SOLICITA DEFENDER O TFG

NA OPORTUNIDADE EXTRAORDINARIA (XANEIRO 20

NA OPORTUNIDADE DE XUÑO/XULLO DE 20

NA OPORTUNIDADE DE SETEMBRO DE 20

A Coruña, de de

Visto e praxe

da dirección académica

Visto e praxe

do/a estudante

Anexo VI. Informe de avaliación positiva da dirección académica do TFG (*)

(*) Este informe recolle a cualificación final, dacordo coa competencias desta materia no título, da parte da avaliación que lle corresponde á dirección académica do TFG. Emitirase despois de ter garantido o dereito á revisión de cualificacións desta parte da avaliación,

TRABALLO DE FIN DE GRAO INFORME DE AVALIACIÓN POSITIVA DA DIRECCIÓN ACADÉMICA

DATOS DO TFG

Apelidos e nome do/a autor/a :

DNI:

TÍTULO

.....
.....

TITULACIÓN: Grao en

CURSO ACADÉMICO:

Idioma do TFG:

DATOS DA DIRECCIÓN ACADÉMICA

Apelidos e nome do/a director/a:

.....

INFORMA de que este traballo de fin de grao merece a seguinte valoración:

VALORACIÓN DO PROCESO E ASPECTOS FORMAIS (escala de 0 a 1)		
1. Cuestións formais	<ul style="list-style-type: none"> - Adecuación ao formato esixido - Organización da información segundo os apartados establecidos e o tipo de traballo - Claridade na exposición do contido e uso da terminoloxía apropiada - Incorporación das referencias bibliográficas oportunas 	
Observacións:		

VALORACIÓN DO CONTIDO DO TRABALLO (escala de 0 a 6, a suma dos tres apartados non pode sumar máis de 6)		
2. Fundamentación teórica	<ul style="list-style-type: none"> - Xustificación e contextualización teórica de acordo co tema do estudo - Elección das fontes axeitadas 	
3. Proposta/proxecto/estudo	<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración do estudo: profundidade e adecuación dos contidos de cada parte, coherencia interna (obxectivos ou preguntas de investigación, metodoloxía, proposta de actividades, avaliación, pertinencia dos anexos) - Viabilidade, pertinencia e/ou carácter innovador 	
4. Resultados/conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Relación dos resultados ou conclusións cos obxectivos formulados - Grao de comprensión dos coñecementos dunha área de estudo concreta vinculada ao título de grao 	
Observacións:		

Proposta para matrícula de honra

Motivos que xustifican a proposta de matrícula de honra:

CUALIFICACIÓN FINAL (Nunha escala do 0-7, mín. 3,5, máx.7):

A Coruña, de de

Sinatura da dirección académica

SR./SRA. PRESIDENTE/A DO TRIBUNAL DE AVALIACIÓN

**Anexo VII. Impreso de inscrición e presentación da documentación para a
defensa do TFG**

**TRABALLO DE FIN DE GRAO
INSCRICIÓN E PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN PARA A DEFENSA**

PARA CUBRIR O/A ESTUDANTE

Apelidos e nome:

DNI: Teléfono:

Enderezo electrónico:

Titulación: Grao en

TÍTULO DO TFG:

.....
.....

DIRIXIDO POR:

.....
.....

FAI ENTREGA da seguinte documentación:

1. Copia do resgardo da solicitude de defensa do TFG
2. Tres resumos do TFG
3. Constancia da entrega dun exemplar en formato dixital do TFG (PDF) a través de moodle

A Coruña, de de

Asdo.:

Anexo VIII. Resumo do TFG dirixido ao tribunal de avaliación

O resumo do TFG elaborado pola/o estudante e dirixido ao tribunal de avaliación realizarase segundo as seguintes directrices:

a) Formato:

- Extensión máxima 2 folios polas dúas caras (4 páxinas)
- Impreso polas dúas caras
- Non se poderá empregar plásticos para a súa maquetación
- Letra: Times New Roman 12
- Interliñado de 1,5 liñas e aliñamento xustificado
- Marxes superior e inferior de 2,5 cm
- Marxes laterais de 2,5 cm

b) Contido:

- O resumo non terá portada
- O resumo comezará cos datos identificativos, e neste formato, que aparecen a continuación

Título do traballo:

Nome e apelidos do alumno/a:

Nome e apelidos da dirección académica:

Grao en

** Título do traballo no idioma que foi escrito*

- Presentación e resumo dos apartados ou contidos clave para entender o tipo de traballo desenvolvido [fundamentación, obxectivos, método, resultados (opcional) e conclusións], a súa pertinencia e o seu interese no marco das competencias da Titulación na que se desenvolve.
- O traballo poderá conter citas bibliográficas. O apartado de *Referencias Bibliográficas* non estará recollido no resumo, xa que as referencias están recollidas no traballo completo.

Anexo IX. Declaración xurada

**TRABALLO DE FIN DE GRAO
DECLARACIÓN XURADA**

PARA CUBRIR O/A ESTUDANTE

Apelidos e nome:

DNI: Teléfono:

Enderezo electrónico:

TITULACIÓN: Grao en

CURSO ACADÉMICO:

DECLARO ter superadas cunha avaliación positiva todas as materias que conforman o plan de estudos da miña titulación no momento da defensa do traballo de fin de grao.

DECLARO que o idioma no que escribín o TFG foi _____

A Coruña, de de

Asdo.

Anexo X. Informe de avaliación do tribunal do TFG

**TRABALLO DE FIN DE GRAO
INFORME DE AVALIACIÓN
TRIBUNAL N.º**

DATOS DO TFG

Apelidos e nome do/a autor/a :

DNI:

TÍTULO do traballo:

.....
.....

DIRECCIÓN ACADÉMICA:

.....

TITULACIÓN: Grao en

CURSO ACADÉMICO:

Indicar idioma da defensa:

VALORACIÓN DA DEFENSA (entre 0 e 3) Dacordo coa competencias desta materia no título.	
1. Grao de elaboración, fundamentación, claridade e solidez do discurso, facendo un suso adecuado e rigoroso da linguaxe.	
Observacións:	
2. Capacidade de síntese e de distribución do tempo, facendo fincapé nos aspectos clave para entender o interese do traballo	
Observacións:	

3. Resolución, concreción e exactitude das respostas ás preguntas e aos comentarios formulados polo tribunal.	
Observacións:	

CUALIFICACIÓN DO TFG

Cualificación do TFG elaborado (emitida pola dirección académica) (Nunha escala do 0-7, mín. 3,5, máx.7):	Cualificación da exposición e defensa (emitida polo tribuna) (Nunha escala do 0 ao 3)	Cualificación final (Nunha escala de 0 a 10)

Proposta para matrícula de honra (nota mínima 9,5):

Motivos que xustifican a proposta de matrícula de honra:

A Coruña, de de

O/A PRESIDENTE/A	O/A SECRETARIO/A	O/A VOGAL
Asdo.:	Asdo.:	Asdo.:

Anexo XIII. Impreso de solicitude de continuidade do TFG coa mesma liña temática e dirección académica

**TRABALLO DE FIN DE GRAO
SOLICITUDE DE CONTINUIDADE DO TFG COA MESMA LIÑA TEMÁTICA
E DIRECCIÓN ACADÉMICA**

PARA CUBRIR O/A ESTUDANTE

Apelidos e nome:

DNI: Teléfono:

Enderezo electrónico:

SOLICITA que se lle permita continuar no curso académico actual coa mesma liña temática de TFG e dirección académica asignada no curso académico anterior.

TÍTULO:

.....

DIRECCIÓN ACADÉMICA DO TFG:

TITULACIÓN: Grao en

CURSO ACADÉMICO:

A Coruña, de de

Visto e praxe
da dirección académica

Visto e praxe
do/a estudante